

Universidade de Vigo -
Registro XeralSaída Nº. 2016000005084
30/03/16 13:42:51**RESOLUCIÓN REITORAL DE 29 DE MARZO DE 2016 POLA QUE SE CONVOCAN CONCURSOS DE CREACIÓN AUDIOVISUAL, FOTOGRAFÍA, MAQUETAS DE MÚSICA E PINTURA PARA O ANO 2016**

En virtude das facultades outorgadas na lexislación vixente e nos Estatutos desta Universidade, esta reitoría acorda ditar a seguinte:

RESOLUCIÓN:

Convocar os concursos:

- **XIV premio de creación audiovisual**
- **XIII certame de fotografía**
- **XIV de maquetas de música**
- **XIV premio de pintura**

As bases da convocatoria figuran no políptico que se achega á presente Resolución.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Así e todo, os/as interesados/as poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antes citado namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 4/99, do 13 de xaneiro modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

En Vigo 29 de marzo de 2016

O REITOR

PD R.R. 7/5/2014 –DOG 13/5/2014

O vicerreitor de Extensión Universitaria
e Relacións Internacionais



Manuel Fernández Iglesias

Dilixencia para facer constar que esta Resolución se publica con esta data no taboleiro de anuncios dos Rexistros da Universidade de Vigo
Vigo, 30 de marzo de 2016
O xefe do Servizo de Extensión Universitaria

Ricardo Cordero Salgado